

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO C.R.A AMENCER para adecuala á Orde do 25 de xaneiro de 2.022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Normativa:

*Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.*

*Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria.*

*ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, de ESO, BACH no sistema educativo de Galicia.*

*ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

Avaliación:

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Para valorar o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de etapa, tomaranse como referencia os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso seguinte.

Dentro desta avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

#### Promoción:

Ao finalizar o 2º curso de Educación Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción en 1º de EP será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso, se o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento, nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo (artigo 50 orde do 8 de setembro de 2021)

Esta decisión de permanecer un ano máis no mesmo curso, só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

*A repetición é unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfazamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna/o.*

Ao finalizar 2º de Primaria, o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna/o, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

San Paio a 20 de maio de 2022

#### DILIXENCIA DE APROBACIÓN:

Esta Adaptación da Concreción Curricular foi aprobada polo Claustro de Profesores e polo Consello Escolar do C.R.A. Amencer nas súas sesións de 18 de maio de 2022 e 20 de maio de 2022 respectivamente.

A Secretaria

V. e Pr.

A Directora

Asdo: María José Silva Iglesias

Asdo: Raquel Rodríguez Giralt